

2.^a parte do ciclo de

CINEMA

A lingua galega no cinema



Outubro, novembro e decembro de 2024
Auditorio do Parque Nacional das Illas
Atlánticas de Galicia (Edificio Cambón)
Rúa da Oliva, 3. Vigo

Entrada de balde ata completar a capacidade

A lingua galega no cinema

PROGRAMA

A lingua da historia

23 de outubro, ás 19.00 h

O corno, Jaione Camborda

Ano 2023. Duración: 99 minutos.

Illa de Arousa, 1971. María é unha muller que gaña a vida recollendo marisco. Tamén é coñecida na illa por axudar a outras mulleres no parto con especial dedicación e coidado. Tras un suceso inesperado, vese obrigada a fuxir e emprende unha perigosa viaxe que a fará loitar pola súa supervivencia. En busca da súa liberdade, María decide cruzar a fronteira por unha das rutas de contrabandistas entre Galicia e Portugal.

Seleccións e premios: Concha de Ouro no 71.º Festival de San Sebastián e Mellor actriz revelación nos Premios Goya 2024.

Intervén: Jaione Camborda, directora e guionista.

Moderador: Simone Saibene, coordinador do ciclo.

A lingua animada

30 de outubro, ás 19.00 h

Ucorn Wars, Alberto Vázquez

Ano 2022. Duración: 91 minutos.

O exército osiño adoutrina novos recrutas para a guerra que libran contra os unicornios e ameaza a seguridade do pobo osiño. Os irmáns Azulín e Gordi, xunto a un inexperto grupo de recrutas, serán enviados a unha perigosa misión para salvar o Bosque Máxico.

Seleccións e premios: Premio Goya á Mellor película de animación. Seleccionada a concurso no Festival de Sitges, no VI Premios Quirino, no X Premios Platina de Cine Iberoamericano e no Festival de Annecy.

Intervén: Alberto Vázquez, director e guionista.

Moderador: Juan de Castro, director do Galician Freaky Film Festival.

A lingua da literatura

6 de novembro, ás 19.00 h

Julio Camba, o home que non quería ser nada, Aser Álvarez

Ano 2024. Duración: 70 minutos.

Con motivo da celebración do 60.º aniversario do falecemento do intelectual natural de Vilagarcía de Arousa, Julio Camba, o documental pretende reivindicar un dos xornalistas máis relevantes da primeira metade do século XX. Entre o documental e a ficción, o filme segue o proceso creativo do artista Siro López, quen trata de ir descubrindo os trazos esenciais de Camba para poder debuxar o seu retrato.

Intervén: Aser Álvarez, director e produtor.

Moderador: Simone Saibene, coordinador do ciclo.

A lingua galega nas curtametraxes

13 de novembro, ás 19.00 h

Matria, Álvaro Gago

Ano 2017. Duración: 21 minutos.

Ramona (Eulogia Chaves) vive co seu marido, con quen apenas se comunica, e traballa nunha fábrica de conservas gobernada por unha encargada tirana. Ante os desafíos que lle presenta a súa rutina diaria, Ramona trata de refuxiarse na relación que a une á súa filla e á súa neta.

Seleccións e premios: Cineuropa 2017; Sundance Film Fest 2018: Gran Premio do Xurado; Clermont-Ferrand Film Fest 2018; Festival de Cans 2018: Mellor curtametraxe - Mellor actriz - Premio do público; Premios Goya 2018: Mellor curtametraxe de ficción (nomeada).

Atalaia/Piueiro, Xisela Franco

Ano 2022. Duración: 8 minutos.

O filme une realidades moi ligadas ao mundo do mar e á tradición da Guarda. Por unha banda, vemos as redeiras da Guarda e, polo outro, un grupo de mariñeiros que fundaron a asociación O Piueiro, co obxectivo de difundir e manter vivo o patrimonio inmaterial. Desta maneira, achegámonos ao mundo do mar a través da etnografía experimental, das emocións e, especialmente, a través dos habitantes da Guarda.

Seleccións e premios: Mares da Fin do Mundo 2022: Mención especial do xurado; Primavera do Cine 2022.

Alguén me chamou Serpe Negra, Borja Santomé

Ano 2023. Duración: 10 minutos.

Unha colección de relatos oníricos a medio camiño entre o imaxinario e o autobiográfico. A película fálanos da procura dunha serie de personaxes, apenas esbozadas, que emprenden unha viaxe física e mental dende a cidade, ruidosa e desordenada, ata alcanzar a costa e os seus novos misterios nunha sucesión de escenas que nos remiten ao descubrimento e á sede de aventuras.

Seleccións e premios: Festival Internacional de Rotterdam 2024; IbizaCineFest 2024; IMAXINARIA - Festival de Cinema de Animación de Afundación 2024; Ann Arbor Film Festival 2024; Mecal PRO Film Fest 2024.

Habitar, Anxos Fazáns

Ano 2023. Duración: 15 minutos.

Pode un corpo ser unha casa? Que é un fogar? *Habitar* trata de responder a estas preguntas sobre a construción das nosas identidades a través do retrato íntimo de persoas transxénero e non binarias de Galicia.

Seleccións e premios: Play-Doc 2023 (Competición Galicia); Curtocircuíto 2023 (Planeta GZ); Cineuropa 2023 (Panorama Audiovisual Galego); Festival Internacional de Xixón (Noche del Corto Español); MICE - Museo do Pobo Galego 2024; Premio MICE ao mellor filme galego; D'A Film Festival (Un impulso colectivo).

Antes de que se poña o sol, Nani Matos

Ano 2023. Duración: 12 minutos.

Nunha reunión familiar, catro irmáns teñen que tomar unha decisión e non todos están de acordo.

Seleccións e premios: FicVerín 2024; Málaga Film Fest 2024 (Afirmando los derechos de la mujer); Sigüenza Nudos Cortos Short Film Fest 2024: Mellor curtametraxe de ficción - Premio do Público; Seúl International Senior Film Festival 2024; MadCINE+ 2024: Mellor curtametraxe - Mellor guiñón.

Intervenien: as directoras e directores das curtametraxes.

Moderador: Severiano Casalderrey, programador, e Simone Saibene, coordinador do ciclo.

A lingua do cine e da historia

4 de decembro, ás 19.00 h

A muller romana na Gallaecia, María José Bravo Bosch

Ano 2024. Duración: 40 minutos.

O documental é unha exposición minuciosa e coidada das condicións de vida das mulleres nas épocas castrexa e romana na Gallaecia, que parte do relato de Exeria, quen viaxou á Terra Santa no século IV, que se pregunta como viviron as súas predecesoras.

Intervenien: María José Bravo Bosch e Susana Reboreda Morillo.